



**XXV FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE JAZZ E BLUES
DE PONTEVEDRA 2017**



Praza do Teucro. 22.30 h
21/07

MIGUEL LAMAS QUARTET

22/07

RAYNALD COLOM & SPJ GROUP

Praza da Ferraría. 22.30 h

23 /07

**SANTI QUINTÁNS
EUROPEAN QUARTET**

24/07

**CORY HENRY AND THE
FUNK APOSTLES**

25/07

**DeROBERT AND
THE HALF-TRUTHS**

26/07

GREGORY PORTER

www.jazzponteviedra.com

3
ANIVERSARIO
FESTIVAL JAZZ E BLUES
PONTEVEDRA
1993-2017

 **CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

1906





**ANIVERSARIO
FESTIVAL JAZZ E BLUES
PONTEVEDRA
1993-2017**

Pontevedra é jazz e é blues. Estas músicas forman xa parte da banda sonora do verán pontevedrés grazas ao festival que comezou a súa andaina no ano 1993. Cumprir vinte e cinco anos de existencia é un gran logro, máis aínda se se teñen en conta a súa proxección nacional e internacional, e o recoñecemento que por parte do público foi acadando ao longo de todo este tempo.

O Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra é un evento no que tanto a idea inicial, como a xestión do proxecto e a súa consolidación e proxección de futuro son froito da sensibilidade e do entusiasmo dun grupo de persoas que aman fondamente estes estilos musicais, e cuxo compromiso coa dinamización e proxección de Pontevedra son innegábeis. Con estes ingredientes e a implicación activa do público, tanto pontevedrés como foráneo, foise construíndo un dos produtos máis recoñecibles do verán pontevedrés.

Co tempo, a idea foi medrando en propostas, en contidos e en espazos. O asentamento en Pontevedra do Seminario Permanente de Jazz no ano 2001, e a posterior creación do programa Pontejazz no 2002, tiveron un efecto moi positivo no festival, proporcionándolle frescura, dinamismo e plena conexión coa realidade musical galega e pontevedresa. A presenza de figuras consagradas do panorama internacional e os novos ingredientes achegados polo puxante jazz galego, que ten un dos seus principais centros de operacións en Pontevedra, conforman unha proposta madura, atractiva e refrescante. Artistas de sona internacional como Milt Jackson, McCoy Tyner, John Scofield, Solomon Burke, Esperanza Spalding, Kurt Elling, Taj Mahal, Dianne Reeves, Mavis Staples, Derek Trucks ou Johnny Winter, entre moitos outros, pasaron xa por Pontevedra. Asemade, os escenarios das prazas do Teucro e da Ferraría acolleron tamén concertos de destacados músicos galegos, como Baldo Martínez, Abe Rábade, Paco Charlín, Nani García ou Virxilio da Silva.

Os aniversarios son oportunidades especialmente axeitadas para o recoñecemento e a celebración do camiño andado, dos éxitos e dos compromisos que fixeron posíbel que chegáramos ata aquí. Mais tamén son momento para a reflexión, para mirar cara ao futuro buscando o xeito de abrir novos horizontes para a música como bandeira da cultura, e para amosar a todo o mundo unha Pontevedra digna e orgullosa de todo o que pode achegar neste e noutros aspectos que, todos unidos, a converten nunha cidade merecedora de ser vivida, tanto polos seus cidadáns como por aqueles que nos visitan ao chamado da sona de Boa Vila pola que é cada vez máis recoñecida.

Estou convencido que o futuro será aínda máis esperanzador e o horizonte máis amplo se seguimos construíndo proxectos coma este Festival, se continuamos a apostar polo xenuino e a confianza en nós, se mantemos a convicción de que non hai nada mellor que fomentar a convivencia entre as persoas, ao abeiro da música que cada verán enche de maravillosas melodías as rúas e prazas de Pontevedra.

Como Alcalde sintome orgulloso do traballo de todas as persoas que fan posíbel este fermoso proxecto e convido á cidadanía de Pontevedra e ás persoas que nos visitan a que celebren con nós os vinte e cinco anos do Festival Internacional de Jazz e Blues.

Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra



O **Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra** fai vinte e cinco anos, e queremos celebralo cun ciclo de cinema que aspire a reflectir algúns dos aspectos máis salientables da relación establecida entre o cinematógrafo e o xénero musical ao longo do século pasado.

O jazz e o cinema son dous dos fenómenos culturais máis importantes e socialmente recoñecidos do século XX. Ambos comparten data de nacemento e unha e veloz (r)evolución formal sen parangón na historiografía das artes maiores. Se observamos con atención os seus respectivos historiais, descubriremos que, xa dende os seus inicios, o cinema e o jazz desenvolveron unha intensa, interesada e esteticamente frutífera interacción.

Queremos salientar a colaboración, activa e sempre xenerosa, do equipo decanal e docente do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, ao que queremos agradecer o seu apoio e o magnífico traballo desenvolvido ao longo destes meses.

NOTAMETRAXES

24 e 31 de xuño
7 e 14 de xullo

TEATRO PRINCIPAL. 20.00 h
Entrada gratuíta. Aberto ata completar aforo.



ASCENSOR PARA O CADAFALSO

24 maio

Francia | 1958 | B/n | 92' | VOSE

Director: Louis Malle

Un novísimo Louis Malle –tiña 25 anos–, tras traballar con Bresson (Un condenado a morte escapou) e con Jacques Cousteau (O mundo do silencio), debuta na dirección con este filme policial que conta cunha lendaria banda sonora composta polo trompetista Miles Davis

Música en vivo polo spj ao rematar a proxección

THE SOUL OF A MAN

31 maio

Alemaña, USA | 2003 | Color | 103' | VOSE

Director: Wim Wenders

The Soul of a Man dirixida por Wim Wenders explora a carreira dos músicos Skip James, Blind Willie Johnson e J. B. Lenoir.

Narrado polo actor Laurence Fishburne, o documental conta con actuacións de Nick Cave, Beck, Jon Spencer Blues Explosion, James Blood Ulmer, T-Bone Burnett, Eagle Eye Cherry, Shemekia Copeland, Garland Jeffreys, Alvin Youngblood Hart, Los Lobos, Bonnie Raitt, Lou Reed, Marc Ribot, Lucinda Williams e Cassandra Wilson.

A película obtivo un Premio Emmy, o Premio da Audiencia na Mostra Internacional de Cine de São Paulo. Foi presentada fóra de competición no Festival de Cannes de 2003.

Música en vivo polo spj ao rematar a proxección

ARREDOR DA MEDIANOITE

7 xuño

USA, Francia | 1986 | Color | 133' | VOSE

Director: Bertrand Tavernier

Tavernier recrea a atmosfera da escena musical parisiense de finais dos cincuenta centrándose na figura de Dale Turner, un saxofonista en horas baixas e serios problemas coa bebida.

Música en vivo polo spj ao rematar a proxección



JORIS IVENS vs SEMINARIO PERMANENTE DE JAZZ

14 Xuño

PELÍCULAS MUSICADAS EN DIRECTO
POLO SEMINARIO PERMANENTE DE JAZZ

-CHOIVA (Regen)
Holanda | 1929 | B/n | 14'
Director: Joris Ivens

Choiva é un poema cinematográfico sobre os efectos da choiva na cidade de Amsterdam. A auga e a súa cinética e o propio vórtice da cidade protagonizan este hipnótico traballo.

-A PONTE (De brug)
Holanda | 1928 | B/n | 15'
Director: Joris Ivens

Ivens transcende o efecto documental no seu achegamento á ponte levadiza de De Hef, unha obra de enxeñaría que desprega toda a súa materialidade ante os nosos ollos.



XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

PRAZA DO TEUCRO / 22.30 H

MIGUEL LAMAS QUARTET

Venres 21 de xullo

RAYNALD COLOM & SPJ GROUP

Sábado 22 xullo

PRAZA DA FERRARÍA / 22.30 H

**SANTI QUINTÁNS EUROPEAN
QUARTET**

Domingo 23 de xullo

**CORY HENRY AND THE
FUNK APOSTLES**

Lunes 24 xullo

**DeROBERT AND
THE HALF-TRUTHS**

Martes 25 xullo

GREGORY PORTER

Mércores 26 xullo



ANIVERSARIO
FESTIVAL JAZZ E BLUES
PONTEVEDRA
1993-2017



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

1906

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza do Teucro



Dende pequeno (Ferrol, 1993), Miguel estivo relacionado coa música. Comezou a tocar a batería con 4 anos, estudando na Escola da Vacca de Ferrol. Despois dun tempo, comeza os seus estudos de jazz e música moderna na Escola Estudio de Santiago de Compostela.

Logo duns anos estudando e tocando en Galicia, múdase a Madrid, onde reside actualmente e onde ten tocado con artistas e bandas como Abraham Mateo, Raimundo Amador, Miguel Ríos, O'Funk'Illo, Andrés Suárez, Raymald Colom, Obús, Tomasito, Juanito Makandé, David Bustamante, Canijo de Jerez, Soraya Amelas, Lérica, AP BigBand, Pepe Bao, Santiago Campillo, Carlos Segarra, Lin Cortés, Rafa Kas, Dean Bowman (Screaming Headless Torsos), Roy Hargrove, Pablo Bicho, Jorge Vistel, Brothers in Band, BellónMaceiras Quinteto, Julie Guravich & Telespoting.

É artista mundial para as marcas Pearl Drums, Meinl Cymbals, Wincent Drumsticks, Evans DrumHeads, Earprotect In Ear Monitoring & Cympad, para os que realiza clinics e masterclasses ao redor do mundo.

Realizou xiras en países como España, Bélxica, Francia, Italia, USA, México, Perú, Chile, Arxentina, Inglaterra, Portugal...

En outubro de 2016 lanza o seu primeiro disco en solitario Melted Lives no que colaboran artistas como Tom Kennedy, Andreas Lutz, Jorge Pérez (Patax) Pepe Bao, Olaya Alcázar, Jorge Vistel, Gergo Borlai... Foi gravado entre Madrid, Galicia, Nova York e Sevilla.

Actualmente está realizando a xira de presentación deste proxecto, xunto aos músicos galegos Octavio Vargas, Pablo Añón e Iago Mourinho*

Formación:

Miguel Lamas: batería

Pablo Añón: saxo alto

Iago Mourinho: teclados

Octavio Vargas: baixo eléctrico

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza do Teucro



Nado en Vincennes (Francia) en 1978, Raynald trasladouse a Barcelona coa súa familia en 1988. Empezou a súa aventura musical aos catro anos no Conservatorio de Música de Créteil, onde estudou violín ata os oito anos. Nesta época os seus pais regaláronlle a súa primeira trompeta. En Barcelona, seguiu os seus estudos musicais e recibiu formación privada con Wynton Marsalis, Roy Hargrove e Kenny Barron. No ano 1999, finalizados os seus estudos no Conservatorio Municipal de Terrassa e na Escola de Música de Bellaterra, obtivo unha bolsa para estudar no Berklee Music College de Boston, USA, con profesores como Bill Pierce ou Darren Barrett, entre outros.

No ano 2000 volveu a Barcelona, onde empezou a traballar como músico freelance á beira de Albert Bover, Randy Brecker, Jesse Davis, Robin Eubanks, Horacio Fumero, Chris Higgins, Guillermo McGill, Michel Philip Mosman, Perico Sambeat, Antonio Serrano ou Louis Stewart. O mesmo ano 2000, Manu Chao propúxolle facer a xira de presentación do CD Clandestino en Estados Unidos e en América Latina.

En 2001 participou na tournée da European Youth Orchestra, dirixida polo saxofonista holandés Benjamin Herman, actuando en importantes festivais europeos como o North Sea Jazz Festival e o Copenhagen Jazz Festival, no Ronnie Scott's Club, en Irlanda e Alemaña. Máis tarde, entrou a formar parte do Sexteto de Perico Sambeat, participando nas xiras dos anos 2002 e 2003 polo estado español, Uruguai e Arxentina. Foi convidado por Benjamin Herman a unha xira por Holanda e colaborou co grupo de música electrónica Wagon Cookin', finalizando a súa xira no Blue Note Club de Tokio.

Dende o ano 2004, Raynald é un dos músicos máis solicitados da escena jazzística peninsular, o que lle permitiu participar nas gravacións de músicos como Adrián Laies, Horacio Fumero, Marcelo Mercadante, Fermín Muguruza, José Reinoso, Luís Salinas, Perico Sambeat, Albert Sanz, etc. Colaborou tamén con Lluís Vidal na Bienal Tete Montoliu, así como no Festival Músic i Músic (Gran Teatro do Liceo) formando parte do grupo Músic i Músic All Stars. Tamén en 2004, e no Café Royale de Barcelona, Raynald converteu ao seu quinteto en formación residente, con concertos semanais de gran seguimento, tanto polo público como pola crítica jazzística estatal e internacional.

No ano 2005 actuou no Festival Músic i Músic xunto a Antonio Serrano e Mulgrew Miller. Neste mesmo ano presentou o seu primeiro traballo discográfico, My 51 Minutes, baixo o selo Fresh Sound New Talent, moi ben recibido polo público e a crítica especializada.

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Logo da súa colaboración co cantante flamenco Duquende e a súa participación na gravación de *Mi forma de vivir*, o flamenco pasou a ser a súa segunda paixón musical, e inmediatamente empezou a traballar xunto ao guitarrista flamenco Chicuelo, colaborando na gravación do seu CD *Diapasión*.

En 2008, e logo dunha longa estancia entre Nova York e Madrid, Raynald presentou o seu último traballo como líder, *Sketches Of Groove* (Fresh Sound New Talent), dentro do Festival Internacional de Jazz de Barcelona 2008, compartindo cartel con Nicholas Payton, Tomasz Stanko e Tom Harrell, entre outros, no ciclo *Trompetistas!* Tamén participou na *Spanish Jazz Reunion* dentro do 31 Festival de Jazz de Toulouse á beira de Antonio Serrano, José Reinoso, Javier Outeiro e Marc Miralta.

En 2009 Raynald presentouse no Festival de Jazz e Músicas do Mundo de Lapataia, en Punta do Leste (Uruguai), compartindo cartel con Yosvany Terry e Christian Gálvez. Neste mesmo ano Raynald presentou o seu ambicioso proxecto *Evocación*, no que interveñen un diverso grupo de Artistas: o guitarrista flamenco Chicuelo, o pianista cubano Aruan Ortiz, o contrabaixista israelí Omer Avital e o batería norteamericano Eric McPherson. Neste proxecto Raynald fusiona o flamenco co jazz contemporáneo desde a súa orixinal perspectiva creativa.

A Asociación de Músicos de Jazz e Música Moderna outorgoulle varios recoñecementos, entre eles o premio ao mellor trompetista nos anos 2001, 2002, 2004 e 2005, e o galardón ao disco de jazz do ano (2005 Premio Enderrock por *My first 51 minutes*). O seu disco *Evocación* gañou en 2009 o premio ao mellor disco de jazz español outorgado pola revista *Cuadernos de Jazz*. En 2010 obtivo o prestixioso premio Puig-Porret.

En 2012 asina un contrato coa discográfica Jazz Village/Harmonia Mundi, que publicou o seu último álbum *Rise* e reeditando así mesmo o seu disco de fusión flamenca *Evocación*.

Formación:

Raynald Colom: trompeta

Dani Font: guitarra

Pablo Patiño: contrabaixo

David Puime: batería

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza da Ferraría



Explorando as fronteiras entre composición, improvisación e música experimental, Santiago Quintáns investiga as posibilidades da música moderna cunha mirada curiosa e inqueda. Fiel á guitarra eléctrica (proxecto ARK, para guitarra e Max/MSP), pero cunha visión precisa de compositor, Santiago sintetiza tradición e modernidade en arriscados proxectos nos que non faltan nin sensualidade nin enerxía. As súas composicións para grupos de música contemporánea, compañías de danza ou grupos de jazz, suxiren unha nova experiencia do fenómeno sonoro: a música como escultura en movemento, a escoita como xesto táctil e o espazo sonoro como zona de xogos aberta á improvisación.

Nado en Vigo en 1975, Santiago instátase nos Estados Unidos en 1995. Alí estuda guitarra jazz e composición na Universidade de Miami e comeza unha carreira internacional acompañando a Kenny Wheeler e Maria Schneider, entre outros. O seu interese pola música moderna impúlsao a viaxar a París en 2003 onde participa como compositor e intérprete en estreas de contemporánea (Seven de Peter Eötvs, dirección Mark Foster). Desde 2006 realiza un traballo de investigación sobre a guitarra eléctrica amplamente divulgado en conferencias e artigos para revistas de musicoloxía (Appareil, JIM, Espazo Sonoro). Plenamente integrado na paisaxe musical francesa, o Conservatorio da cidade de Le Mans convidao a dirixir o seu programa de jazz e músicas improvisadas en 2008.

Formación:

Santi Quintáns: guitarra
Matthieu Donarier: saxo tenor
Paco Charlin: contrabaixo
Dre Pallemerts: batería

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza da Ferraría



Teclista e produtor norteamericano, Cory Henry, nacido en Brooklyn, Nova York, empezou a tocar o órgano con apenas dous anos de idade.

O seu instrumento preferido é o Hammond B3, tan recoñeciblemente vinculado ao soul, ao góspel e ao jazz. Del, Cory Henry dixo que "é o seu primeiro amor" e que "se utiliza maioritariamente nas igrexas, pero eu quero demostrarlles que non é algo soamente para elas".

A súa música, como se revela en cada unha das súas actuacións, ten influencias tan variadas como as de Marvin Gaye, Herbie Hancock ou James Brown, entre os clásicos do jazz e o soul, pero tamén do pop, o rock e o funk de Stevie Wonder, Michael Jackson ou Jimi Hendrix.

Henry é un virtuoso dos teclados, e foi chamado para colaborar con músicos tan destacados como Bruce Springsteen, Kenny Garrett, Robert Glasper ou Erykah Badu, entre outros.

En 2014 obtivo o Premio Grammy á mellor actuación de rythm&blues xunto a Lalah Hathaway, pero foi co coñecido grupo Snarky Puppy, con quen triunfou definitivamente, logrando en 2016 o Grammy ao mellor disco instrumental do ano polo seu álbum Sylva, e novamente, en 2017, na mesma categoría, polo seu disco Culcha Vilcha.

Declarou que lle gustaría que a súa música producise un efecto positivo na nosa sociedade e no mundo enteiro, e que o seu don permitiulle coñecer moitos lugares distintos e facer o que ama cada día. As actuacións de Cory Henry como líder da súa propia banda, caracterízanse pola súa espectacularidade, fusionando jazz con música electrónica, e cunha xenerosa ración do mellor funky actualizado, co que fai vibrar á audiencia (cóntanse por millóns as visitas aos seus concertos en YouTube).

FORMACIÓN:

Cory Henry: teclados e voz

Taron Lockett: batería

Sharay Reed: baixo

Adam Agati: guitarra

Nick Semrad: teclados

Tiffany Stevenson: voz

Denise Renee: voz

Cleon Edwards: batería, percusión

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza da Ferraría



DeRobert Adams é un vocalista prodixioso que soubo acompañarse dunha banda de fantásticos músicos, "The Half Truths", na que destacan os nomes de Nick DeVan e David Singleton. Xuntos crearon un son único, que parte do country máis puro con denominación de orixe en Nashville (Tennessee), para mesturalo con melodías evocadoras do estilo soul, dando lugar a una marca propia á que se denominou "Nashville Soul".

DeRobert é orixinario de Convington (Tennessee), onde creceu rodeado de todos os sons orixinais do profundo Sur estadounidense. De feito, como adoita suceder no caso dos vocalistas sureños afroamericanos, a súa carreira como cantante empezou no coro da igrexa deste suburbio de Memphis. Alí foi perfeccionando os seus dotes e a súa técnica vocal, ata que se matriculou na Middle Tennessee State University, onde coñeceu a Nick DeVan e a David Singleton, con quen compartiu as súas inquietudes musicais, e xuntos fundaron a discográfica GED Soul Records e "The Half Truths".

A súa música busca trasladar ao público temas universais como a pobreza, a angustia e a eterna loita da clase traballadora por sobrevivir día a día.

O que fai tan especial esta proposta é o que se deu en chamar un "xemido audible", que se introduce nas gravacións que se desenvolven na súa integridade no "Poor Man Studio" de Nick DeVan. Nelas, os músicos agrúpanse nunha pequena sala de gravación hermeticamente pechada e fan tremor as paredes co seu son coma nos tempos dos lendarios estudos "Muscle Shoals" de Alabama. A iso engaden unha produción crúa, sen adornos nin floreos, na que destaca por enriba de todo o demais a poderosísima voz de DeRobert Adams, que equilibra os elementos rítmicos dos vellos tempos con modernas melodías, obtendo deste xeito a proposta musical única que os caracteriza.

O seu primeiro disco foi un single (o grupo é un ardente defensor do formato vinilo) e titulouse *Fallen In Debt* (2008). Foi seguido por dúas gravacións máis das mesmas características: *Wake On Up* e *Too Busy*, ata que xa en 2010 editaron o seu primeiro álbum

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

completo: Soul in a Digital World, que foi un éxito de crítica e público, consolidado posteriormente polo que é ata a data o seu último traballo I'm Tryin (aínda que soa con forza o rumor do inminente lanzamento ao mercado dun novo disco).

FORMACIÓN:

DeRobert Adams: voz
Nick DeVan: batería
Dave Singleton: baixo
Andrew Muller: guitarra
Vernon James: saxo tenor
Andrew Hagen: saxo tenor
Charles Ray: trompeta

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Praza da Ferraría



Cantante e compositor norteamericano, naceu en Sacramento en 1971, pero pronto se trasladou a California, onde a súa nai, Ruth, fíxose cargo dunha Igrexa Evanxélica.

Foi precisamente da súa proxenitora de quen recibiu as súas primeiras nocións de música e quen o animou a cantar no coro da igrexa. As súas primeiras influencias musicais recibíunas tamén da súa nai, que criou a Gregory escoitando a discografía completa de Nat King Cole, de quen era unha absoluta e rendida admiradora.

Gregory Porter está considerado actualmente como o máis destacado vocalista e compositor jazz/soul da súa xeración: o número un dos cantantes masculinos de jazz nos rankings da prestixiosa publicación especializada DownBeat.

Con todo, a súa carreira fraguouse a un ritmo lento. Non foi ata 2004 cando se trasladou a Nova York. Alí empezou a cantar todas as noites nun local do que era propietario o seu irmán Lloyd. Os seus impresionantes dotes vocais pronto lle abriron as portas doutros clubs en Brooklyn e en Harlem.

En 2010 fichou polo selo Motema, co que editou dous discos: Water (2010) e Be Good (2012).

Xa en 2013 foi contratado por Blue Note Records, e ese mesmo ano publicou o disco que o lanzou definitivamente á fama: Liquid Spirit, un álbum que foi galardoado en 2014 co Grammy á mellor gravación vocal de jazz. O pasado ano publicou o seu cuarto álbum en solitario, titulado Take me to the Alley, que novamente foi premiado co Grammy.

Gregory Porter asombra pola súa imponente presenza física no escenario, onde desprega un carisma moi especial. A súa altura e corpulencia, o seu permanente sorriso e a súa característica gorra, que empezou a usar para disimular algunhas cicatrices cirúrxicas, pero que decidiu seguir utilizando precisamente por conferirle un aspecto plenamente recoñecible, dotáno dun aura única. Con todo, é o seu río de voz o que acaba abraíndo ao espectador.

É dono dun poderosísimo timbre vocal, pero á vez é capaz de acariñar as notas, conseguindo un efecto case hipnotizador nun público que escoita absorto a súa marabillosa mestura de composicións propias, que beben nas fontes do jazz clásico, pero tamén nas da música tradicional afroamericana, con raíces no rhythm&blues, o góspel e o soul.

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

Gregory Porter colaborou ao longo da súa carreira con moitos outros cantantes e músicos, entre os que destacan nomes como os de Dianne Reeves, Anita Wilson, Robin McKelle ou Jamie Cullum.

Recentemente interveu no famoso talk show "Later... with Jools Holland", da BBC, interpretando unha versión de Purple Rain, nun emocionante tributo a Prince, que foi un rotundo éxito.

En 2016 foi candidato aos JJA Jazz Awards, outorgados pola Asociación Norteamericana de Xornalistas e Críticos de Jazz.

FORMACIÓN:

Gregory Porter: voz
Chip Crawford: piano
Jahmal Nichols: baixo
Emanuel Harrold: batería
Tivon Pennicott: saxo tenor
Ondre J Pivec: hammond

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ E BLUES DE PONTEVEDRA 2017

PONTEJAZZ WORKSHOP

Do venres 21 ao domingo 23 de xullo
de 11-14 h
no antigo conservatorio (Afonso XIII, 7)
(Entrada libre)
+info: www.pontejazz.org

MATTHIEU DONARIER
DRE PALLEMAERTS
SANTI QUINTÁNS
RAYNALD COLOM

JAZZ POLA RÚA

Do venres 21 ao mércores 26 de xullo
de 12.30 - 13.30 h e de 20 - 21 h
STREET BAND

JAM-SESSIONS

Do venres 21 ao mércores 26 de xullo
A Gramola. A partir das 24 h



1906

